- 18) Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18919, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 19) Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18921, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 20) Sergonsa Obras y Servicios, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18922, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 21) Manuel Barcia García.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18926, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2018.
- 22) Alseconsap, S.L.- Oferta rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18933, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 23) Obras y Viales de Galicia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18938, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 24) Repoblaciones, Obras y Canalizaciones, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18944, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 25) Arias Infraestructuras, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18945, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 26) Canarga, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18947, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 27) Excavaciones y Obras Candal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18948, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 28) Fevisa, Vías y Obras, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180211213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 27/03/2018		Fecha: 27/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/03/2018		Hora: 10:33
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2018 10:35:22		





29/11/2017, co número 18951, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 15/01/2018, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas, Construcciones Anspal, S.L, Tarrío y Suárez, S.L, Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A.U, Excavaciones Abelleira, S.L, Construccións Fermín Simal, S.L, Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U, Excavaciones Nima, S.L, Construcciones Ponciano Nieto, S.L, Construcciones J.Mauri e Hijos, S.L, Sondeos Porzuna, S.L, Nemesio Ordóñez, S.A, Vías y Servicios Generales, S.L, Pavimentos Noia Obras e Contratas, S.L, Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A, Espina & Delfín, S.L, Nexia Infraestructuras, S.L.U, Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L, Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L, Sergonsa Obras y Servicios, S.L, Manuel Barcia García, Alseconsap, S.L, Obras y Viales de Galicia, S.L, Arias Infraestructuras, S.A, Canarga, S.L, Excavaciones y Obras Candal, S.L.

B.- Requirir aos licitadores, Excavaciones y Obras Marcos, S.L, Repoblaciones Obras y Canalizaciones, S.L.U. e Fevisa Vías y Obras, S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ao da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presente o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non procede á emenda da documentación.

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos que se rexistraron de saída na data 17/01/2018, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 29/01/2018, acordou dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Excavaciones y Obras Marcos, S.L, Repoblaciones Obras y Canalizaciones, S.L.U. e Fevisa Vías y Obras, S.L.

A continuación a Mesa de contratación procedeu a celebrar o acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

Licitador	Orzamento base (sen IVE)
Construcciones Anspal, S.L.	94.000,00 €
Tarrío y Suárez, S.L.	108.686,79 €





Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A.U.	89.367,71 €
Excavaciones Abelleira, S.L.	90.133,00 €
Construccións Fermín Simal, S.L.	81.890,00 €
Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U.	97.735,00 €
Excavaciones Nima, S.L.	86.415,76 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	98.103,41 €
Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	98.809,88 €
Sondeos Porzuna, S.L.	99.597,86 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	96.568,21 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	84.911,56 €
Excavaciones y Obras Marcos, S.L.	86.718,47 €
Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.	106.648,92 €
Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, S.A.	96.867,10 €
Espina & Delfín, S.L.	91.364,83 €
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	81.909,08 €
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	84.653,43 €
Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	94.973,76 €
Sergonsa Servicios, S.L.	85.321,00 €
Manuel Barcia García	128.400,00 €
Alseconsap, S.L.	96.811,40 €
Obras y Viales de Galicia, S.L.	97.867,77 €
Reploblaciones, Obras y Canalizaciones, S.L.U.	115.642,75 €
Arias Infraestructuras, S.A.	106.252,28 €
Canarga, S.L.	103.305,78 €
Excavaciones y Obras Candal, S.L.	85.509,33 €
Fevisa, Vías y Obras, S.L.	107.300,00 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas Construccións Fermín Simal, S.L., e Nexia Infraestructuras, S.L.U., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 29/01/2018, acordou que se dese audiencia ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as empresas Construccións Fermín Simal, S.L., e Nexia Infraestructuras, S.L.U.

Con data 14/03/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro (Riveira)"*, no que conclúe que:

"Na documentación presentada por Construccións Fermín Simal, S.L., e por Nexia Infraestructuras, S.L.U. expoñen os motivos que os levaron a realizar as súas





ofertas, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificadas as ofertas presentadas.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas Construccións Fermín Simal, S.L., e por Nexia Infraestructuras, S.L.U.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 16/03/2018.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/03/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas como xustificación das súas respectivas ofertas, considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas Construccións Fermín Simal, S.L., e Nexia Infraestructuras, S.L.U.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron finalmente admitidas á contratación das obras de “Renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro (Riveira)”**, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1º	Construccións Fermín Simal, S.L.	81.890,00
2º	Nexia Infraestructuras, S.L.U.	81.909,08
3º	Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	84.653,43
4º	Vías y Servicios Generales, S.L.	84.911,56
5º	Sergonsa Servicios, S.L.	85.321,00
6º	Excavaciones y Obras Candal, S.L.	85.509,33
7º	Excavaciones Nima, S.L.	86.415,76
8º	Excavaciones y Obras Marcos, S.L.	86.718,47
9º	Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A.U.	89.367,71
10º	Excavaciones Abelleira, S.L.	90.133,00
11º	Espina & Delfín, S.L.	91.364,83
12º	Construcciones Anspal, S.L.	94.000,00
13º	Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	94.973,76
14º	Nemesio Ordóñez, S.A.	96.568,21
15º	Alseconsap, S.L.	96.811,40





16º	Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, S.A.	96.867,10
17º	Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U.	97.735,00
18º	Obras y Viales de Galicia, S.L.	97.867,77
19	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	98.103,41
20	Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	98.809,88
21	Sondeos Porzuna, S.L.	99.597,86
22	Canarga, S.L.	103.305,78
23	Arias Infraestructuras, S.A.	106.252,28
24	Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.	106.648,92
25	Fevisa, Vías y Obras, S.L.	107.300,00
26	Tarrío y Suárez, S.L.	108.686,79
27	Repoblaciones, Obras y Canalizaciones, S.L.U.	115.642,75
28	Manuel Barcia García	128.400,00

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “Construccións Fermín Simal, S.L.”**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a **documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REPARACIÓN E MELLORA DO CORPO DE ASEOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL (RIVEIRA)”

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “Reparación e mellora do corpo de aseos da Biblioteca municipal (Riveira)”, cun orzamento total de licitación de 30.087,73 euros (orzamento base: 24.865,89 euros; IVE 21%: 5.221,84 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

Ao tratarse dun expediente de contratación iniciado antes da entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade co disposto na súa Disposición transitoria primeira, a súa tramitación





rexerese pola normativa anterior.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xaneiro/2017, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017 e foi emendado da deficiencia atopada no orzamento do proxecto mediante decreto da alcaldía de data 28/04/2017 (que se ratificou por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/05/2017).

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de valoración (factor prezo) e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 332.619.01, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 26/10/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 207, da data 31/10/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data, e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 08/11/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación José Manuel Fernández Dios, na data 08/01/2018, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1) Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 17/11/2017, co número 18257.
- 2) Tarrío y Suarez S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/11/2017, co número 18309.
- 3) Covisam Norte S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/11/2017, co número 18664.
- 4) Excavaciones Nima S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/11/2017, co número 18694.
- 5) Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/11/2017, co número 18720.
- 6) Construcciones y Proyectos Abilleira S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18918, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 7) Denuovo Punto Creativo S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18920, presentada a través da oficina de correos na





data 27/11/2017.

- 8) Sergonsa Servicios S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18925, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 9) Construcciones Siber Ordes S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18930, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 10) Construcións Secundino Ramos S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18936, presentada a través da oficina de correos na data 24/11/2017.
- 11) Asturcón Obras y Construcciones S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18950, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 12) CYS Hispania S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 01/12/2017, co número 19057, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres “A”, de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación na súa reunión da data 09/01/2018, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A., Tarrío y Suarez S.L., Covisam Norte S.L., Excavaciones Nima S.L., Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira S.L., Duenovo Punto Creativo S.L., Sergonsa Servicios S.L., Construcciones Siber Ordes S.L., Construcións Secundino Ramos S.L. e Asturcón Obras y Construcciones S.L.

B.- Requirir ó licitador CYS Hispania S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presente o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non procede á emenda da documentación.

O requirimento realizouse por medio de escrito da alcaldía que se rexistrou de saída na data 12/01/2018 e foi notificado por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 19/01/2018, acordou dar por cumprido o requirimento de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitida a esta licitación á empresa CYS Hispania S.L.

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a celebrar o acto público de apertura dos sobres “C” (ofertas económicas) de cada un dos licitadores





admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

Licitador	Orzamento base (sen IVE)
Servicios Integrales de Gestión y	21.000,00 €
Tarrío y Suarez S.L.	21.881,98 €
Covisam Norte S.L.	18.598,00 €
Excavaciones Nima S.L.	23.139,55 €
Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L.	19.500,00 €
Construcciones y Proyectos Abilleira S.L.	19.283,50 €
Denuovo Punto Creativo S.L.	21.668,13 €
Sergonsa Servicios S.L.	21.913,00 €
Construcciones Siber Ordes S.L.	18.085,15 €
Construcción Secundino Ramos S.L.	20.887,35 €
Asturcón Obras y Construcciones S.L.	24.298,17 €
CYS Hispania S.L.	17.014,04 €

Visto que, unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polas empresas CYS Hispania S.L., Construcciones Siber Ordes S.L. e Covisam Norte S.L., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 19/01/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar a súas ofertas económicas as tres empresas requiridas.

Con data 15/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Obras de reparación e mellora do corpo de aseos da biblioteca municipal, emprazada na rúa do xornalista Manuel Lustres Rivas nº 20, 2º piso. Riveira."*, no que conclúe que:

"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

Na documentación presentada polas empresas CYS Hispania, S.L. e Covisam Norte, S.L. expoñen os motivos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

A documentación presentada por Siber Ordes, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta."

E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas CYS Hispania, S.L. e Covisam Norte, S.L. e excluír á empresa Siber Ordes, S.L. do proceso de licitación"*.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a





cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 21/02/2018, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 22/02/2018, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/02/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas como xustificación das súas ofertas:

- Considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas "CYS Hispania S.L." e "Covisam Norte S.L."
- Por non considerar suficiente a documentación presentada como xustificación da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Construcciones Siber Ordes S.L.", excluíndoa, polo tanto, da licitación.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Reparación e mellora do corpo de aseos da Biblioteca municipal (Riveira)", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1º	CYS Hispania S.L.	17.014,04 €
2º	Covisam Norte S.L.	18.598,00 €
3º	Construcciones y Proyectos Abilleira S.L.	19.283,50 €
4º	Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L.	19.500,00 €
5º	Construcións Secundino Ramos S.L.	20.887,35 €
6º	Servicios Integrales de Gestión y	21.000,00 €
7º	Denuovo Punto Creativo S.L.	21.668,13 €
8º	Tarrío y Suarez S.L.	21.881,98 €
9º	Sergonsa Servicios S.L.	21.913,00 €
10º	Excavaciones Nima S.L.	23.139,55 €
11º	Asturcón Obras y Construcciones S.L.	24.298,17 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a empresa "CYS Hispania S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será





o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida por medio de correo electrónico.

Dentro do prazo concedido a empresa “Cys Hispania, S.L.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 13/03/2018 co número 3.558. Entre a documentación inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 13/03/2018 (nº operación: 2018 33001517), polo certificado de seguro de caución nº 4.188.530, por importe de 850,70 euros, en concepto de fianza do contrato (garantía definitiva) e a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 13/03/2018 (nº operación: 2018 33001518), polo certificado de seguro de caución nº 4.188.531, por importe de 850,70 euros, en concepto de fianza do contrato (garantía complementaria)

Consta no expediente certificado de débedas expedido polo tesoureiro municipal José Antonio Rueda de Valenzuela, de data 05/03/2018, acreditativo de que o licitador “Cys Hispania, S.L.” atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Riveira.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 16/03/2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 20/03/2018.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 22/02/2018, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de “Reparación e mellora do corpo de aseos da Biblioteca municipal (Riveira)” á**





empresa "**Cys Hispania, S.L.**" (NIF número B74282781), nas seguintes condicións contractuais:

a) **Prezo total do contrato: 20.586,99 euros (base: 17.014,04 euros ; IVE 21%: 3.572,95 euros).**

b) **Prazo de execución: 3 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data xaneiro/2017.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

3.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN".

Visto o expediente que se tramita para contratar, como contrato menor, o servizo de coordinación de seguridade e saúde da obra "Reordenación da avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do parque García Bayón", por un prezo total de licitación de 9.680,00 euros (Base: 8.000,00 euros; IVE 21%: 1.680,00 euros).

O obxecto do contrato está cofinanciado en un 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) mediante o Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

O expediente de contratación (como contrato menor), e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60913, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/03/2018.

Ao tratarse dun expediente de contratación iniciado antes da entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade co disposto na súa Disposición transitoria primeira, a súa tramitación





rexerese pola normativa anterior.

Para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/NIF	Registro de Entrada		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Manuel Vidal García	33.216.286-C	07/03/2018	3.080	7.260,00 euros
Athena Prevención de Riesgos Laborales, S.L.	B-15.977.622	07/03/2018	3.084	6.001,60 euros
Carmen Lousame López	78.784.873-Y	07/03/2018	3.116	6.655,00 euros
José Antonio Gómez Domínguez	52.458.120-L	07/03/2018	3.150	7.850,48 euros

Para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 18.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vista a proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, da data 15/03/2018.





Vistos os artigos 110 e 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

Adxudicar, como contrato menor, o servizo de coordinación de seguridade e saúde da obra “Reordenación da avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do parque García Bayón”, á empresa “Athena Prevención de Riesgos Laborales, S.L.” (NIF. B-15.977.622), no prezo total do contrato de 6.001,60 euros (Base: 4.960,00 euros; IVE 21%: 1.041,60 euros).

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe presentado pola **Policía Local**, de data 15/03/2018 (Rexistro de saída P.L. nº 369/18, de data 19/03/2018), a solicitude da Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá, relativo á regulación do tráfico na estrada de Gude a Xarás (Detrás da estación de Servizo SBC).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a regulación do tráfico na estrada de Gude a Xarás (Detrás da estación de Servizo SBC), para mellorar a seguridade vial e dado que se trata dun tramo moi estreito e sinuoso de recente asfaltado e imposible circulación de dous vehículos en sentido contrario, deberá instalarse un sinal de entrada prohibida (R-101) ao carón da estación de servizo SBC, e o sentido de circulación será de lugar de Gude a Xarás, segundo o sinalado no citado informe policial.

2.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN ORDENANZA CIRCULACIÓN POR LECTORES DE MATRÍCULAS EN ZONAS CONTROLADAS

Sendo necesario regular a través de ordenanza a **CIRCULACIÓN POR LECTORES DE MATRÍCULAS EN ZONAS CONTROLADAS**, e visto o informe emitido por Secretaría en data 20 de marzo de 2018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde a este Concello, a Xunta de Goberno Local

ACORDA

PRIMEIRO. Que **se publique no portal web do Concello Consulta Pública** para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas.





SEGUNDO. Que, tras a realización do trámite de consulta previa, polos **Servizos Técnicos Municipais e de Policía Local** redáctese o proxecto de Ordenanza.

3.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS.

Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 20/03/2018, en relación á *Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Galicia Parabéns e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019*, publicada no DOG núm. 22, de data 31 de xaneiro de 2018.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro: presentar o proxecto que se recolle a continuación á solicitude dos Premios Galicia Parabéns na 1ª categoría:

- Proxecto modificado da recuperación da servidume de tránsito entre as praias de Castiñeiras e Mosqueiros, sendo o orzamento total do proxecto de 469.963,31€ (IVE engadido).

Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada resolución.

Terceiro.- Comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total de execución prevista.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Presidente da sesión

Dou fe, o secretario xeral

Mª Herminia Pouso Maneiro

Juan Manuel Salguero del Valle

